

## CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TRAMITACIÓN DOS TITULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANISTICA E DAS ACTIVIDADES.

Polo Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Sostibilidade Urbana acordouse iniciar os trámites para dotar ao Concello de Lugo dunha ORDENANZA INTEGRAL DE REGULACIÓN DA TRAMITACIÓN DOS TITULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANISTICA e DAS ACTIVIDADES, o que previamente esixe dunha consulta pública previa.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, se substanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados/as pola futura norma acerca de:

- A casuística que se pretende abordar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

A cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos e a regular nesta ordenanza.

Abrirase un prazo de quince días naturais, a través do seguinte buzón de correo electrónico: [ordenanzaurbanismo@lugo.gal](mailto:ordenanzaurbanismo@lugo.gal), así como da sede electrónica municipal.

### PROPÓSITOS QUE PERSEGUE

A nova ordenanza pretende converterse no marco de referencia para acadar unha homoxeneización dos procedementos de regulación da actividade edificatoria e de implantación de actividades, posibilitando a axilización dos procedementos, reducindo os prazos de tramitación e unificando criterios reguladores.

### NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Na actualidade, non existe no Concello de Lugo unha regulación integral que dea cobertura de xeito conxunto aos procedementos que rexen a actividade edificatoria e de implantación de actividades, adecuándoa ao marco normativo vixente, integrando a ordenación urbanística e sectorial coas normas xerais emanadas das Administracións de rango superior.

## OBXECTIVOS DA NORMA

- a) Concretar as distintas actuacións a regular na ordenanza
- b) Harmonizar o réxime xurídico de aplicación coa explicitación da normativa aplicable.
- c) Regular os procedementos de tramitación en función dos diferentes tipos de actuación, de maior ou menor complexidade.

Dentro do marco normativo xeral, que atribúe aos municipios a competencia para a prestación de “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística”, no art. 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local, o Concello de Lugo desexa elaborar unha Ordenanza que adapte o marco xurídico á vida cotiá e á casuística específica do municipio, e que implemente medidas e mecanismos que atendan á realidade urbanística local e ás problemáticas que dela derivan, instrumentalizando as técnicas necesarias para satisfacer estes obxectivos, xunto coa concepción dunha visión anticipada das novas necesidades que poidan xurdir no futuro.

## POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS.

Na actualidade non existe instrumento integral que regule normativamente todos estes aspectos, o que pon de manifesto a existencia da necesidade e oportunidade de propoñer unha nova regulación, para mellorar a situación existente o que precisa da elaboración dunha Ordenanza reguladora.

Lugo, data da sinatura dixital

O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA,

Asdo.- Álvaro Santos Ramos